

Vázquez Pintor recibirá a letra 'E' da Asociación de Escritores

LITERATURA ► A assemblea xeral da AELG, celebrada onte en Santiago, acordou outorgarlle a súa distinción ao autor melidense ► A Asociación Sociopedagóxica Galega protagonizará a homenaxe Os Bos e Xenerosos

AGN • SANTIAGO

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) outorgará este ano a súa Letra E a Xosé Vázquez Pintor. Así se aprobou onte na Asemblea Xeral de Socios que se celebrou en Santiago e na que se presentou unha proposta de actividades para este ano, informou o presidente Cesáreo Sánchez.

Por outra banda, a Asociación Sociopedagóxica Galega recibirá a homenaxe Os Bos e Xenerosos na segunda quincena de marzo pola súa traxectoria de "máis de 25 anos na defensa do ensino en galego".

A Letra E entregárase nun ac-

to de homenaxe que se celebrará en Melide, terra natal do autor, o vindeiro 7 de xuño. Dentro deste acto, o escritor é honrado coa Letra E, coa plantación dunha árbore simbólica elixida polo autor e coa inauguración dun monolito conmemorativo ou dun espazo público co seu nome.

De Vázquez Pintor salientan os seus colegas non só o feito de ser "gran poeta e narrador", senón tamén unha traxectoria "longa e consolidada" con "importantes froitos". Nado no 1946, o escritor exerce como profesor de Ensino Medio en Pontevedra e desenvolve a súa actividade

! A CLAVE

A Cea das Letras e Nancy Morejón

► Na tradicional Cea das Letras, en abril, a AELG entregará os galardóns á literatura galega. Nesta mesma velada, a AELG distinguirá a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia pola súa "importantes achegas á existencia dun teatro galego". Tamén a poeta cubana Nancy Morejón será distinguida co Premio Internacional da AELG Escritor Galego Universal ■

cultural en diferentes eidos, como poeta, narrador e ensaísta. A Letra E virá a sumarse a outros galardóns como o Eduardo Pondal, o Cidade de Ourense, Esquíu, Uxío Novoneyra, Carvalho Calero, Torrente Ballester e mesmo o Premio da Crítica Española.

Deste xeito, recollerá o bastón de remuda de Manuel Lourenzo, homenaxeado pola AELG o ano pasado, e pasará a formar parte dunha nómina de autores como Avilés de Taramacos, Bernardino Graña, Manuel María, María Xosé Queizán, Xosé Neira Vilas, Luz Pozo, Xosé Chao Rego e Salvador García-Bodano.